

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN PARITARIA DO CONVENIO COLECTIVO AUTONÓMICO DE CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

En Santiago de Compostela, sendo as 11:00 horas do día 10 de setembro de 2009, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, sito na rúa Algalia de Abaixo, 24-baixo, reúnese a Comisión Paritaria do Convenio Autonomo de Centros Especiais de Emprego asistindo as persoas a continuación sinaladas:

REPRESENTACIÓN EMPRESARIAL

D. Ignacio Rodríguez Sáez (CEGASAL)
D^a. María Jesús Pérez Piñeiro (CEGASAL)

REPRESENTACIÓN SINDICAL

D^a. Marisa Rodríguez Vázquez (UGT-Galicia)
D. Alberto José Rodríguez Amoroso (UGT-Galicia)
D. Adolfo Naya Fernández (CIG)
D. Alexandre Lago Portela (CIG)
D^a. Clara Gamarra Lozano (SN de CC.OO. de Galicia)


O motivo da xuntanza é analizar a consulta formulada polos membros do Comité de empresa de CÉLTICA DE COMPONENTES DEL AUTOMOVIL (CELCOAUTO) e que se achega como Anexo I á presente Acta.

Logo das oportunas deliberacións e debate, e analizada a consulta achegada, acórdase responder o seguinte:

1º) A presente Comisión Paritaria non é competente para decidir sobre a posibilidade de adhesión ou integración do persoal de CELCOAUTO dentro do ámbito territorial, funcional e persoal do texto do Convenio Colectivo de Centros Especiais de Emprego.


2º) En todo caso, estima que á presente consulta lle é de aplicación o disposto no artigo 92.1 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Ley do Estatuto dos Traballadores, que expresamente dispón que: "nas respectivas unidades de negociación, as partes lexitimadas para negociar poderán adherirse, de común acordo, á totalidade dun convenio colectivo en vigor, sempre que non estiveran afectadas por outro, comunicándollelo á autoridade laboral competente a efectos do seu rexistro".


CIG


CIG

3º) Por último, a Comisión entende que se o comité de empresa de CELCOAUTO que formula a presente consulta o estima oportuno, poderá remitir a esta Comisión paritaria a documentación económica e contable da referida empresa para o efecto da súa valoración.

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a reunión sendo as 11:30 horas no lugar e data arriba sinalados, asinándose por triplicado exemplar por todo os asistentes.


Handwritten signatures of participants, including initials like 'CIG' and 'UGT'.